

# ID#574



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Nemeño - Ponteceso, 1980-03

**Informante:** "Cousillas" (87)

**Compiladora:** Dorothe Schubarth

**Transcripción:** Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

**Edición da presente ficha:** Isabel Vigo

Non teñas medo Verdías,  
Verdías non teña medo  
que lle habemos de ghanar  
os cen reás a Recedo.

Trataba, cortejaba cunha moza ahí na parroquia do Tallo. Así enténdeme tan ben, non? E... e claro, ela botou as proclamas con outro sen lle avisar, levaba unha chea de tiempo xa, non? Nós chamámoslle as municións, botar as municións. E... e resulta que había baile de pandeiretas na casa e entonces, tando tocando, vírono vir e dixo ela e cantando:

Ahí ven o pito cairelo,  
matador da mala fada  
aghora que sabe que no quero  
chorará toda a semana.

Adiós portales de Claudia,  
cuantas veces vos abrín  
tantos anxos me acompañen  
como de pasos perdín.

Dice... volvoa repetir, non?

Ahí ven o pito pequeno,  
matador da mala fada  
aghora que o sabe  
chorará toda a semana.

E entonces, él contestoulle:

Chámasme o pito pequeno,  
xa che saltei no poleiro,  
a maior pena que teño  
por eu non ser o primeiro.

Todo papel é blanco  
se non o manchan de tinta  
a min non se me da polo mundo  
se a miña cara está limpa.

## ID#574



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Se a túa cara está limpa  
porque os homes foron bos  
derregaron nela leiras  
sementaron os arrós.

... portales de Claudia,  
cantas veces vos abrín  
tantos anxos me acompañen  
como de pasos perdín.

Os solteiros valen ouro,  
os casados valen prata,  
os viúdos calderilla,  
vellos e vellas folladelata.

E empezan: Vaia, vaia. Vaia, vaia. Se non cantades millor...

A miña muller é vella  
de vella non sobe a cama  
arriba muller arriba  
malo varrizo nos varra.

/: A perdís ta no valado :/  
estalle decindo ó perdighón  
chéghate aquí enamorado.

Baila Francisquiño, baila  
se queres bailar-e  
e se non queres bailar  
baila sólo e mira como che relumbra  
a cadea do reló.

Así con estas tonterías, non sabe?. Pero non me acordo a tal hora dunha chea de cantos.